



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G36630259



DEPORTE
GALEGO

ACTA DA REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO QUE TIVO LUGAR DE FORMA PRESENCIAL E TELEMÁTICA, O DÍA 13 DE XULLO DO 2024.

Acta n.º 36

ASISTENTES:

PRESIDENTE DA FGM

López Sánchez, Alejandro

SECRETARIO XERAL DA FGM

González Iglesias, Carlos

TESOUREIRA DA FGM

Trueba Gayol, Marta

CLUBS

Agrupación de Montaña e Escalada Bestarruza
Agrupación Montañeiros Independientes
Asociación de Escaladores Ourensáns
Club A.D.T.L. A Pedrosa
Club Aromon Pontevedra Montañeiros A Roelo
Club Atletismo Sada
Club de Montaña Airiños
Club de Montaña O Caxado
Club de Montañismo Montañas de Trevinca
Club de Sendeirismo Trabandainas
Club Marcha Nórdica A Coruña
Club Montañeiros Celtas
Club Peña Trevinca Montañeiros de Galicia
Clube de Montaña Ribeira Sacra
GMTA&Chuvoners
Grupo de Montaña Alud
Sección de Montaña C.A.R. Marisqueiro
Club de Escalada Azimut
Clube de Montaña Xistra
Club de Montaña Coruña

DEPORTISTAS/TÉCNICOS/ARBITROS

Ana María Fernández Fernández
Fernando Fernández Rey
Miguel Bernárdez Martínez
Blanca García Domínguez
María del Pilar Vázquez Fariña
Javier Aradas Mariñas
Raúl Leiros Gutiérrez
Miguel Seoane Álvarez
Alfonso Böck Villalva
Xosé Lois Freixeiro López
David Pérez Araújo



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G36630259



DEPORTE
GALEGO

1. Saúdo e benvinda do presidente.

O presidente da FGM Alejandro López Sánchez, ás 10.30 h comeza a reunión, en segunda convocatoria, agradecendo a asistencia, presencial ou telemática, a todas as persoas e clubs participantes.

2. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior da Asemblea Xeral da FGM.

A referida acta é a número 33 da reunión da Asemblea Xeral Ordinaria da FGM que tivo lugar de xeito telemático a través da aplicación Councilbox o 6 de abril de 2024.

Intervencións:

- Blanca García Domínguez indica que no acta nº 30 falta reflectir o seu voto en contra. Tómase nota.
- Ana María Fernández Fernández solicita que no acta nº 33 do 6 de abril de 2024 realícense os seguintes cambios:
 1. Cambio do nome de documento a “Acta de votación”, ao entender que non pode considerarse unha Asemblea xa que non houbo debate nin deliberación.

O presidente Alejandro López aclara que non procede modificar o nome por ser convocada e constituída correctamente, polo que si se debe considerar Asemblea.

2. Inclusión na Acta dos motivos que sustentaron o rexeitamento e a votación en contra.

O presidente aclara que os comentarios se incluírán na acta da presente asemblea polo que procede reflectir neste momento que dona Ana M.^a Fernández quere facer constar que os votos en contra foron principalmente por no permitir o dereito de voz na asemblea e solo permitirse o dereito de voto.

3.- Dona Ana solicita incluír a lista de asistentes que votaron en contra na asemblea anterior. Na acta xa veñen reflexados os devantidos votos, abstencións, en contra, sendo os votos a favor os restantes.

- Javier Aradas Mariñas solicita que os documentos que se envíen nas convocatorias de Asemblea veñan asinados. Valora que a Asemblea en curso debe denominarse Asemblea Ordinaria, e expón os motivos en que se basea. Informa de que non recibiu o calendario federativo na convocatoria, e considera que debería incluírse.

O presidente Alejandro López Indica que se enviarán os documentos asinados na medida do posible. Aclara que a Asemblea en curso está correctamente denominada Asemblea Extraordinaria, e expón os motivos en que se basea. Aclara que o calendario obra en poder de todos.

Dito o anterior non se procede á votación da acta, polo que se pospón a votación a falta de incluír na seguinte acta as propostas e comentarios.

3. Informe do presidente da FGM.

O presidente explica a situación administrativa da federación, as dificultades que se atoparon de xestión, a tramitación das subvencións, a existencia dunha débeda coa axencia tributaria derivada dun sanción por unha autoliquidación de IVE que xa está solucionada e a situación da Federación Española, en canto á súa situación financeira, a situación do convenio de reciprocidade de refuxios e as eleccións próximas.

Fernando Fernández, vicpte. 1º e vogal de licenzas e relación institucionais explica as estatísticas de licenzas 2023.

Intervencións posteriores:

- David Pérez Araújo comenta que parece absurdo que as FFAA que priorizan as licenzas autonómicas son as que máis usan os recursos da FEDME, sendo devanditos recursos achegados por outras FFAA.
- Xosé Lois Freixeiro comenta que, adicionalmente a que devanditos recursos son achegados por outras FFAA, estas en lugar de ser bonificadas son as que ademais deben realizar a aportación a refuxios en convenio de reciprocidade.
- María Antonia Castiñeira (AMI) ao respecto da análise de licenzas achegado por Fernando Fernández en relación as licenzas de deporte de base, comenta que ditas licenzas convén analizalas desde unha perspectiva propia, pola importancia que teñen para o crecemento da práctica deportiva federada.

Fernando Fernández e Alejandro López confirman o comentado polos intervenientes e engaden que para o análise de licenzas, de cara á proposta dos próximos anos, teranse en conta as observacións achegadas e engadiranse os obxectivos de resultados deportivos que se desexen expor. Os criterios valorados son:

- Franxas de idade



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G36630259



DEPORTE
GALEGO

- Sinistralidade por franxa de idade e práctica deportiva
- Consideración de deporte de base
- Obxectivos de resultados deportivos por franxa de idade e práctica deportiva
- Outros criterios

4. Aprobación, se procede, de orzamentos 2024.

Marta Trueba, actual tesoureira da FGM, explica cómo quedan conformados os orzamentos, que toman de base os que xa existían, pero readaptándoos e seguindo a liña estrutural do novo organigrama por áreas ou vagalías, e incorporando en cada unha desas áreas de maneira comparativa os ingresos e os gastos.

Con respecto a todos estos temas xurden os seguintes comentarios:

- Ana María Fernández Fernández valora que sería conveniente despersonalizar a bonificación de licenza de deportista refuxiada, e en todo caso crear unha liña de axuda para deportistas en circunstancias de especial consideración. A valoración conclúese oportuna para futuras anualidades. Indica que sería conveniente axustar a previsión do refuxio A Seara á realidade, dado que está neste momento fóra de uso. Indica que sería conveniente modificar a liña “París 2024” dado que a previsión de gasto da devandita liña non coincide coa descrición. Trátase dunha provisión para apoio ao deportista Erik Noya. Propónse e se acepta “Apoio deportistas alto nivel” de forma xenérica para a anualidade 2024.
- Isidro Castro aporta que a realidade dos refuxios no momento da Asemblea permite facer os seguintes axustes:
 - Eliminar a previsión de gasto de mantemento do refuxio de Albite
 - Eliminar a previsión de gasto de revisión de refuxios dado que xa se coñece o seu estado
 - Incorporar ambas cantidades á previsión de gasto de mantemento do refuxio de A Seara a fin de que sexa operativo canto antes.
- Javier Aradas Indica que a previsión de gasto de Playoff non se axusta á realidade. Solicita que se inclúa unha dotación económica en previsión de incorporación dunha persoa de apoio administrativo nos meses de novembro e decembro de 2024. Considera que non procede manter a provisión para “Campaña de redución de accidentes da FGM” dentro da vogalía de Sendeiros. Marta Trueba / Xunta Directiva: os distintos vogais aportan a súa valoración realista de execución de gasto para desprazamentos de representación das vogalías, así como a previsión realista de realización de determinadas actividades previstas no orzamento (raquetas, esquí, vivac), e realízanse os seguintes axustes e correccións:
 - Redacción:
 - o “París 2024”, pasando a denominarse “Apoio deportistas alto nivel”
 - o Patrocinio licencias, pasando a denominarse “AON (licenzas anuais)”
 - Importes reflectidos en:
 - o Playoff
 - o Soldos e Salarios Apoio Administrativo
 - o Seguros Sociais Apoio Administrativo
 - o Desprazamentos de representación de vogalías
 - o Campaña de redución de accidentes da FGM
 - o Mantemento refuxios de Albite e A Seara
 - o Marcha galega con vivac
 - o Travesía galega de esquí de montaña
 - o Travesía de raqueta

Os axustes non afectan ao global do orzamento anual (761.851,23 euros de previsión de ingresos / gastos).

Procédese á aprobación dos Orzamentos:

- Votos en contra: Un (1) de Javier Aradas, en liña.
- Abstencións: Un (1) de Iván Ares do Club Montaña Coruña, en liña.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G36630259



DEPORTE
GALEGO

- Votos a favor: Vinte e nove (29).

Quedan aprobados os orzamentos 2024.

5. Aprobación, se procede, de modificación no calendario de competicións 2024.

O presidente sinala que a única modificación respecto do calendario xa aprobado é modificar o número de probas de escalada de 5 a 3, que se celebrarán no último trimestre de 2024.

Intervencións posteriores:

- Ana María Fernández observa que a modificación de calendario non se reflectiu en Orzamentos (seguen as 5 probas)
- María Antonia Castiñeira comenta que dado que tanto AMI como ASESOU fan Opens, poderíanse unificar.
- AROMON propón a posibilidade de facer copas provinciais.

O presidente: indica que toda proposta de clubs é benvinda, e agrádese que se presenten para as seguintes anualidades.

- Javier Aradas consulta a situación da proba de Copa de Marcha Nórdica na que, no momento previo ao pódium, informouse por parte do xuíz principal da suspensión da proba, o que deixa a proba de Copa de Marcha Nórdica nunha situación indefinida.

O presidente informa de que se está tratando tanto cos clubs como coa vogalía de Marcha Nórdica para darlle solución.

Javier Aradas suxire que para evitar anulacións de actividades no último momento por parte de clubs, se asine un convenio de compromiso entre FGM e o club correspondente. O presidente responde que se estudará.

- David Araújo comenta a conveniencia de contar cun regulamento único para opens. O presidente indica que a FGM está aberta a recibir propostas que proveñan de clubs.

Se procede á aprobación por unanimidade da modificación de calendario:

- Votos en contra: cero (0)
- Abstencións: cero (0)
- Votos a favor: trinta e un (31)

6. Rogos e preguntas.

- David Araújo solicita que se traslade á Xunta de Galicia a conveniencia de que as Copas e Campionatos se denominen “Copa de Galicia”, “Campionato de Galicia”, para deixalo aberto a que outras administracións poidan intervir co seu apoio (Deputacións, Concello). A denominación “Copa Xunta de Galicia” inhibe o apoio de calquera outra administración.

- Alfonso Böck solicita que se apoie desde a FGM a xestión das zonas de escalada no medio natural que son de uso aberto, de forma que se poidan conseguir dalgunha maneira os recursos necesarios tanto materiais como persoais (en campo e en xestión administrativa). Esta área implica:

- Equipamento de novas zonas
- Reequipación de zonas
- Xestión de accesos

- Ana María Fernández pregunta cómo vai ser o funcionamento da FGM no verán no caso de que se produzan accidentes.

O Director Técnico explica que haberá un teléfono de atención en agosto para urxencias.

- Javier Aradas solicita buscar unha solución para que todos os correos cheguen a todos os clubs.



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17, of. 10
Teléf. 986 20 87 58 – Fax 986 20 74 07
36209 VIGO - CIF G36630259



DEPORTE
GALEGO

O Director Técnico explica que se detectou que houbo un incidente coas contas dun servidor de correo en concreto. No que respecta ao envío de ligazón para conexión en liña durante a Asemblea, todos os que solicitaron dita conexión segundo se indicou no correo informativo previo, recibírono en tempo e forma. Para o resto, todo o que solicitou conexión en liña foi atendido directamente polo presidente e recibiu a ligazón a tempo para conectarse á Asemblea.

- Xosé Lois Freixeiro solicita que se manteña o galeguismo na federación, reflexionando sobre o peso da territorialidade sobre a FEDME.
- Luis Arocas solicita revisar o nome das vogalías e o axuste das actividades previstas dentro de cada vogalía para as seguintes anualidades.
- David Araújo solicita que o máis axiña posible se conte con vogal nomeado para todas as vogalías.

Sen mais asuntos que tratar, dase por rematada a reunión, sendo as 12.48 horas.

Asinado,
O Secretario Xeral da FGM
Carlos González Iglesias

Visto e prace,
O Presidenta da FGM
Alejandro López Sánchez